



PROGRAMA ELECCIÓN S MUNICIPALIS AMES 2011



PROGRAMA ELECCIÓNS MUNICIPAIS AMES -2011

I. INTRODUCCIÓN.

II. UN CONCELLO TRANSPARENTE

1. Transparencia política e calidade democrática.
2. Información directa ós cidadáns

III. UN CONCELLO MÁIS EFICIENTE, PRÓXIMO E MODERNO.

1. Participación veciñal e proximidade á cidadanía.
2. Modernización a través da Sociedade da Información
3. Eficiencia administrativa.
4. Continuación no modelo de Xestión de Recursos Humanos.

IV. A ESTRATEXIA EN POLÍTICA ECONÓMICA.

V. UN CONCELLO CUN URBANISMO MÁIS COIDADOSO CO MEDIOAMBIENTE.

1. Urbanismo.
2. Medioambiente e desenvolvemento sostible.

VI. MÁIS POLÍTICA DE VIVENDA.

VII. UN CONCELLO CON MÁIS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS E MÁIS DESENVOLVEMENTO RURAL.

VIII. MÁIS TRANSPORTE PÚBLICO E MOBILIDADE SOSTIBLE.

IX. MÁIS SEGURIDADE CIDADÁ.

1. Reforzo da Seguridade Local e a Cooperación Policial.
2. Mellora, modernización e calidade nos servizos da policía local.
3. Participación cidadá na seguridade local.

X. UN CONCELLO MAIS COMPROMETIDO CA IGUALDADE E AS POLÍTICAS DE XÉNERO

1. Pola igualdade efectiva entre mulleres e homes.
2. Loitamos contra a violencia de xénero.

XI. UN CONCELLO CON MÁIS BENESTAR SOCIAL.

1. Para os nosos maiores, para os nosos dependentes e para as persoas con discapacidades.
2. Apoio ás familias e á conciliación da vida laboral e familiar.
3. Pola integración, a inclusión e a cohesión social.
4. Por un concello cada día máis saudable.

XII. UN CONCELLO POLA EDUCACIÓN DE CALIDADE.

1. Un modelo educativo integral.
2. Na educación participamos todos.
3. Infraestructuras, instalacións e recursos.
4. A educación como un elemento de integración social e laboral.

XIII. UN CONCELLO CON MAIS POLITICA CULTURAL.

1. Cultura para todos.
2. Política lingüística.

XIV. UN CONCELLO CON MÁIS TURISMO E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO.

1. Turismo.
2. O patrimonio e a recuperación histórica.

XV. MÁIS DEPORTE.

1. *Deporte para todos.*
2. Mellora e ampliación das infraestructuras deportivas.
3. Rede Municipal do Deporte.

XVI. UN CONCELLO CON MÁIS POLÍTICAS DE XUVENTUDE.



XVII. UN CONCELLO EMPRENDEDOR, CON MÁIS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO.

1. Fomento do emprego no eido local.
2. Promocionaremos, dinamizaremos e apoiaremos o tecido empresarial e comercial do concello.

XVIII. UN CONCELLO CON MAIS COOPERACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

XIX. CONCLUSIÓNS



I. INTRODUCCIÓN.

As veciñas e veciños de Ames animados polo *slogan* "*Outra forma de ser. Outra forma de actuar*" decidiron apostar e votar no 2003 por un cambio nas estruturas políticas do seu concello. **Carlos Fernández formou un equipo de goberno co que demostrou que era posible dirixir este concello doutra maneira.** Una das grandes bazas do novo goberno foi a cercanía e o trato de *tú a tú* cos amienses valorando todas e cada unha das súas opinións e aportacións.

Catro anos máis tarde os votantes renovaron a confianza no mesmo **equipo de goberno. Así, os socialistas de Ames,** continuaron cunha política de proximidade e resposta inmediata aos problemas e necesidades plantexadas polos amienses no concello.

Carlos Fernández e o seu equipo de goberno renovan agora, no 2011, o seu compromiso político cun programa de traballo apoiado en dous piares fundamentais: a **continuidade e o consolidación das políticas sociais** e a potenciación da mellora da calidade de vida en Ames.

Presentamos hoxe un programa feito por e para os amienses, por e para os traballadores e traballadoras, por e para as organizacións sociais e profesionais, por para a mocidade, por e para os nenos, que son o noso futuro, por e para os nosos maiores que, coa súa experiencia vital, nos poñen na pista de que *todos sumamos un.*

Porque os dereitos e o ben estar de todos os amienses son o motor do noso traballo.

Porque en Ames, pouco a pouco e *sen facer ruído,* imos a máis.

II. UN CONCELLO TRANSPARENTE



1. Transparencia política e calidade democrática.

En 2003 abrimos as portas do noso concello aos amienses garantizando a **participación veciñal**, o **pluralismo** e, sobre todo, a **transparencia na xestión económica e política**. En 2007 apostamos e potenciamos o mesmo modo de xestionar o concello poñendo en marcha accións como a **rendición de contas, o acceso a todos os grupos políticos a toda a información municipal**; a **transparencia na tramitación e adxudicación dos recursos** económicos e na creación do ***Servicio de Atención Cidadá***, un importantísimo intermediario de comunicación e acceso á información das xestións municipais. Todo isto conformou un gran avance en materia de **transparencia política** pensando, sobre todo, no coñecemento en todo momento das xestións levadas a cabo polo equipo de goberno.

Hoxe continuamos apostando pola **transparencia política e a calidade democrática** a través de dúas vías: **Rendición de contas e información e comunicación directa aos cidadáns**:

- Por un lado **renderemos contas á cidadanía**, para que saiban **cantos, como e onde se empregan os recursos económicos dos que dispón o concello**. Por outro lado e, para que non haxa ningunha dúbida **sobre a honradez dos cargos públicos electos, faremos públicas as súas retribucións íntegras así como a declaracións dos seus bens**.
- **Impulsaremos a integración de Ames nos Proxectos dos Observatorios Europeos da Participación e a Transparencia** como unha maneira máis de avanzar e ampliar as canles participativas, de información e comunicación ca cidadanía.
- **Crearemos Plataformas Dixitais de Licitación pública**, que permitan trasladar á rede as condicións e trámites completos das licitacións públicas.

- O bo goberno é garantía de eficacia na xestión pública, ademais de ser un dereito da cidadanía. Por elo, aprobaremos a elaboración do **Manual de Boas Prácticas Políticas de Ames** no que se incluírán as obrigas e compromisos que adquire o goberno local no exercicio das súas funcións. **Fomentará a transparencia**, a confianza e credibilidade, garantindo un goberno accesible e achegado a todos os veciños e veciñas de Ames.

2. Información directa aos cidadáns.

- Manteremos e potenciaremos o **Servicio de Atención Cidadá e o Servizo 010**, como medio de comunicación, información e intermediario entre os veciños e os xestores municipais de modo presencial, telemático (informático) e telefónico.
- A **web municipal** recollerá a publicación dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, coas modificacións que se produzan, así como os presupostos anuais da corporación, plans plurianuais, contas anuais e liquidación do presuposto da corporación local.

Comprometémonos publicamente coa cidadanía a cumprir firme e sinceramente os obxectivos establecidos no noso programa electoral, no que expresamos os valores, principios e ideas que guían as nosas políticas e accións.

III. UN CONCELLO MÁIS EFICIENTE, PRÓXIMO E MODERNO.

Un dos nosos principais intereses é seguir traballando de cara a lograr que este concello sexa máis próximo, eficiente e moderno.

1. Participación veciñal e proximidade á cidadanía.

Mantemos o noso compromiso de traballar na consecución dun **concello máis próximo aos amienses**. Por iso levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Manteremos as dúas canles de atención integral á cidadanía, **Oficina de Atención Cidadá e o número de teléfono 010** creadas por este equipo de goberno segundo o seu programa de 2007.
- O noso concello medra día a día polo que continuamos traballando no **reforzamento e descentralización dos servizos municipais para atender con máis eficacia e rapidez** a todos os que o precisan. Para axilizar os **trámites**, entre os cidadáns e o concello, continuaremos coa **implantación da administración electrónica**. Así lograremos reducir os continuos desprazamentos dos amienses ás oficinas municipais, eliminar as esperas e acurtar os trámites. Ademais conscientes de que moitos dos nosos veciños non poden compatibilizar o horario laboral e de obrigacións familiares diarios coas xestións municipais, **manteremos o servizo de atención aos cidadáns os sábados pola mañá**.
- Crearemos o **Regulamento da Participación Cidadá**, un documento co que se garantirá aos veciños a súa participación na vida municipal. Ao mesmo tempo impulsaremos a regulación de **Cartas de Dereitos e Deberes dos cidadáns do Concello**. Estas cartas conterán os dereitos no ámbito das tecnoloxías da información e o coñecemento, á hora de acceder aos servizos públicos municipais.

- Para **achegar a administración a todas as parroquias** estableceremos un calendario de xuntanzas cos diversos colectivos e representantes veciñais que así o soliciten. Desta maneira coñeceremos *de primeira man* cales son as súas demandas e necesidades. Para elo potenciaremos o asociacionismo, prestando asesoramento e garantindo as liñas de axudas, facilitando con isto a participación directa dos cidadáns nos asuntos públicos locais.
- Os temas específicos, de especial interese para os veciños, continuarán a ser tratados en ***Comisións Específicas ad hoc***.

2. Modernización a través da Sociedade da Información

Para acadar a **plena modernización no concello** compre continuar co noso traballo de implantación **de todas as melloras tecnolóxicas** que supón a Sociedade da Información. Para lograr este fin, propoñemos as seguintes pautas:

- Continuaremos coa **implantación da Administración Electrónica**. Coas novas tecnoloxías axilizaremos a xestión administrativa ofrecendo unha resposta e resolución máis inmediata aos usuarios. Por iso é imprescindible seguir avanzando na **racionalización administrativa** elaborando un **novo organigrama administrativo** máis operativo que xire entorno a ***Ventanilla Única Municipal***. Así lograremos **optimizar os recursos públicos** traballando dunha maneira máis eficiente e áxil. De maneira progresiva eliminaremos as comunicacións realizadas a través do papel, sendo substituídas por comunicacións telemáticas. Ademais impulsaremos o **uso de facturas e a xestións de permisos electrónicos**.
- Continuaremos na potenciación da ***Oficina Virtual Tributaria (OVT)*** para o pago, domiciliado ou consulta de recibos tributarios. **Impulsarase o pago electrónico** mediante o Convenio con todas as entidades bancarias presentes no noso Concello, así como **o acceso a OVT por medio do DNI**

electrónico.

- Continuaremos **potenciando as novas vías de comunicación**, como unha maneira máis de avanzar na cohesión social e territorial, facilitando e xeneralizando a accesibilidade e o uso de internet aos amienses. Por isto estableceremos **puntos gratuítos de acceso a internet** en espazos públicos (**puntos WIFI e WIMAX**), especialmente, nos colectivos máis desfavorecidos e naquelas zonas nas que as empresas de comunicación privadas non ofrezan outras solucións. Poremos especial atención a **solucionar as deficiencias nas zonas de sombra** onde as sinais de televisión e telefonía móbil non chegan. Ademais traballamos nun plan de **capacitación dixital**, especialmente dirixido aos maiores.
- Actualizaremos e potenciaremos a **web municipal** (www.concellodeames.org) e o **Portal do Cidadán** como elementos de relación, tramitación, participación e información interna e externa do concello. Nestas canles incorporaremos, paulatinamente, o concepto de *web 2.0*, interactividade e realización de xestións *on line*. A través destas vías os amienses poderán facer un seguimento continuo dos expedientes administrativos dependentes do goberno local.
- Poremos en marcha unha **publicación escrita plural de información local** aberta á participación cidadá onde terán cabida todas as opinións. Potenciaremos e ampliaremos as horas de emisión da **Radio Municipal Ames Radio** con espazos adicados á información, música, entretemento e á cultura cos que se buscará unha maior participación e cercanía aos oíntes, ademais da posta en marcha da radio municipal en internet para todos os oíntes.

3. Eficiencia administrativa.

Tras os procesos de modernización e racionalización levaremos a cabo o **Plan Estratéxico de Calidade**. Nel contemplaremos programas específicos para mellorar a calidade do servizo que os departamentos da administración municipal prestan aos amienses. Ademais estableceremos modos de control dos departamentos cos seguintes elementos:

- Aplicación do **Modelo de Excelencia** e promoción de **Plans de Calidade Plurianuais** nos diferentes departamentos municipais.
- Impulsaremos a elaboración dunha **Carta de Servizos Municipal**. Nela plasmaranse os servizos aos que teñen dereito os cidadáns, o compromiso de calidade na súa prestación, por parte do concello, e os dereitos dos usuarios en relación a estes servizos.
- **Sistemas de avaliación e seguimento continuos** da prestación dos servizos públicos e recollida de **enquisas** coas que se avaliará o grado de satisfacción dos cidadáns. Todas as deficiencias e demandas na prestación de servizos serán corrixidas a través dos **Sistemas de Mellora Continua**.
- Cumprimento da **Lei de Protección de datos (LOPD)** nos documentos adquiridos polo Concello e que estean na súa posesión. Seguirase implantando sistemas de seguridade para salvagardar a información recollida aos veciños e veciñas, cumprindo coa normativa vixente da LOPD.

4. Continuación no modelo de Xestión de Recursos Humáns.

Unha administración cercan ao cidadán precisa de medios persoais capacitados para atender as necesidades dos amienses. Para elo continuamos co modelo implantado polo noso equipo de goberno onde **a formación continua é prioritaria para potenciar a eficiencia dos empregados municipais**. Ademais impulsaremos outras medidas complementarias:



- Continuación co **desenvolvemento do proceso de normalización e modernización das relacións laborais do Concello** a través da modificación da ***Relación de Postos de Traballo*** aprobada no ano 2006.
- **Convocarase a *Oferta de Emprego Público*** para completar o persoal técnico e especialista do concello.
- Creación de **mecanismos de avaliación, rendemento, motivación do persoal laboral e mantemento do control horario** para lograr o seu máximo rendemento.

IV. A ESTRATEXIA EN POLÍTICA ECONÓMICA.

Dende a pasada legislatura unha nova empresa tomou en Ames as rendas da función recadatoria municipal, ampliando e reforzando os mecanismos de recadación. O seu traballo completouse ca implantación dos **plans de inspección** logrando un importante control e redución da evasión fiscal dos contribuíntes. Ademais do control fiscal, mellorouse a atención ós contribuíntes ca ampliación da **Oficina de Atención ao Contribuínte** en Bertamiráns, a creación dunha **nova oficina en Milladoiro** e a posta en marcha da **Oficina Virtual Tributaria**.

A situación económica actual xeral provocou que os concellos sufriran unha redución moi significativa nos seus ingresos. Debido a isto, o equipo de goberno de Ames, viuse obrigado a replantexar a súa estratexia económica cun novo **Plan Estratéxico Financeiro e Fiscal** no que **as políticas sociais**, un dos piares máis importantes deste concello, **permanecen intactas**. Nos últimos anos o noso equipo de goberno apostou por desenvolver políticas sociais moi demandadas pola poboación e, agora, neste nova campaña electoral, os socialistas de Ames, afrontamos o gran reto de apostar pola súa continuidade.

Co novo **Plan Estratéxico Financeiro e Fiscal** levarase a cabo o mantemento dos servizos existentes e a creación doutros demandados polos amienses rexíndose polos seguintes parámetros:

- Establecemento de **reformas fiscais** adecuadas ás circunstancias actuais para garantir o cumprimento da suficiencia financeira.
- **Racionalización e control do gasto corrente**. Priorizando os gastos correntes sen reducir a calidade dos servizos prestados.
- **Redución de custes dos servizos** que presta o concello mediante tres vías: incrementando o grado de autofinanciación potenciando as vías de ingreso,

racionalizando e rentabilizando a súa xestión e, por último, promovendo a contratación conxunta de servizos con outras entidades locais. Algunha destas medidas xa foi posta en marcha con resultado óptimo. Como exemplo citamos o **abastecemento de auga de Ames e Brión** e o **servizo de prevención das drogodependencias de Ames que atende a Brión e Negreira**.

- **Xeración de maiores ingresos** a través dunha xestión máis eficiente do **patrimonio municipal**.
- Dinamizaremos **campañas de empadramento**, cun dobre obxectivo: incrementar os ingresos por recadación fiscal e o aumento de axudas por parte das diferentes administracións.

Isto permitirá o **mantemento das políticas sociais** nos orzamentos anuais. Nelas darase prioridade ás **campañas de igualdade**, o **apoio ás persoas dependentes**, a **asistencia ós nosos maiores**, a **asistencia ós colectivos máis desfavorecidos así como ós inmigrantes e ós retornados**, reforzo de axudas para o **acceso á vivenda** e unha política integral de **axuda para os nenos e os máis novos**.

Outros retos a afrontar van dende a elaboración e aprobación de **orzamentos participativos**, o control orzamentario e o cumprimento ca **Lei de Morosidade**. A este respecto, este equipo de goberno, comprométese a efectuar o pago aos provedores nun prazo máximo de 45 días, adiantándonos nun ano ao previsto na Lexislación estatal.

A presentación de contas anuais terá unha dobre finalidade: Como instrumento de **transparencia política e correcta xestión** de goberno e cunha finalidade **informativa de concienciación** cara os cidadáns. Estes poderán coñecer ós custes reais dos servizos públicos e do mantemento das instalacións e servizos municipais.



Así este equipo de goberno buscará construír unha relación de complicidade cos amienses logrando a súa implicación no coidado e bo uso das instalacións públicas.

Continuar traballando na mellora da atención á cidadanía a través da **Oficina Virtual Tributaria**. Co aumento das xestións telemáticas e a coordinación entre todos os departamentos municipais gañaremos todos en eficacia e na redución temporal dos procesos administrativos.

V. UN CONCELLO CUN URBANISMO MÁIS ORDEADO E MÁIS COIDADOSO CO MEDIOAMBIENTE.

O **aumento dos espazos verdes** denotan un importante cambio no urbanismo do noso concello nos últimos anos. Este equipo de goberno demostrou que é posible combinar o urbanismo máis moderno co mantemento do medio ambiente. Por iso o noso programa presenta unha liña continuista asumindo un compromiso político que define os criterios para a formación dun modelo de **desenvolvemento social, urbano e territorial sostible**. Incorporaremos as variables medioambientais de xeito integral, impulsando a participación cidadá mediante a elaboración de plans estratéxicos e a implementación da **Axenda 21 Local** logrando con ela un desenvolvemento local perdurable que faga compatible o respecto ó medio ambiente co desenvolvemento económico e social.

1. Urbanismo.

Defenderemos unha **política urbanística** baseada no crecemento ordeado e racional cunha xestión transparente e unha serie de medidas que responden a dúas premisas fundamentais: **Garantizar o desenvolvemento ordeado e un modelo de mobilidade sostible e favorecer un desenvolvemento sostible respetuoso co medioambiente.**

Apostando polo **reequilibrio territorial** incorporaremos na **planificación urbanística** elementos de carácter social, xeográfico, medioambiental e demográfico coas seguintes medidas:

- **Someteremos á información pública os Convenios Urbanísticos** así como todos os instrumentos de ordenación e xestión dunha forma clara e concisa, fomentando a participación dos amienses.

- **Estudio e creación de proxectos** dotados de servizos educativos, sanitarios e sociais básicos para continuar cun modelo urbanístico baseado na igualdade de oportunidades dos cidadáns.
- **Regulación dos procedementos de planificación urbanística e territorial**, mellora dos mecanismos de información e de rexistros públicos relativos a expedientes de execución do planeamento.
- Para **evitar as prácticas especulativas** apostando por un modelo de desenvolvemento equilibrado e harmónico: **Reforzaremos as medidas e mecanismos de control contra as actuacións ilegais** para que sexan detectadas e sancionadas con rapidez e **vixiaremos e avaliaremos ambientalmente**, con especial atención, que os novos proxectos urbanísticos non supuñan un perigo para o noso patrimonio natural. Ademais centraremos o noso esforzo na **protección dos solos** especialmente significativos polo seu valor medioambiental, agrario, etnográfico-patrimonial e paisaxístico.
- **Aumentaremos os espazos recreativos**, zonas verdes, superficies públicas axardinadas e áreas infantís garantizando o acondicionamento e mantemento de todas elas.
- Incrementaremos as áreas de **colectores de lixo soterrados** nas áreas urbanas.
- Seguiremos executando **proxectos de desenvolvemento e mellora** específicos para **núcleos urbanos e rurais**.

2. Medioambiente e desenvolvemento sostible.

A **preservación da biodiversidade**, dos nosos espazos naturais e a **sensibilización ambiental** continúan a ser as pautas que marcarán a política medioambiental nos vindeiros anos. Para lograr estes fins centrarémonos en continuar **desenvolvendo campañas informativas de concienciación** á

ciudadanía orientadas á adquisición de valores cívicos e de respecto ao medioambiente. Poremos especial incidencia no **uso das enerxías renovables**, no **aforro de recursos naturais**, como a auga, e de **accións preventivas** contra o lume e a minimización dos seus efectos.

Ademais continuaremos coas campañas sobre as **boas prácticas ambientais en fogares, nas empresas e nas oficinas** para racionalizar o uso da enerxía, o papel, o material informático xunto cos demais consumibles e **a importancia tanto da reciclaxe como de depositar o lixo no lugar axeitado, para perservar o noso entorno.**

Aprobaremos Ordenanzas ambientais municipais que promovan e bonifiquen as condutas sostibles.

Ao igual que na concienciación cidadá, continuaremos co impulso do **uso das enerxías renovables**. Este equipo de goberno xa deu exemplo nesta materia **instalando diferentes formas de enerxías renovables nos edificios municipais xunto con outras medidas de eficiencia enerxética.**

Nos vindeiros anos impulsaremos a creación dun ***Plan de Sustentabilidade Local*** no que, o mantemento do sistema de control e eliminación de vertedoiros **ilegais, xunto ca vixiancia do cumprimento do resto da normativa de protección ambiental continúe a ser unha prioridade.**

Continuaremos coa sensibilización e educación sobre a sustentabilidade cos seguintes programas:

- **Programa de aforro enerxético e desenvolvemento das enerxías renovables**, fomentando o uso da enerxía solar nas vivendas particulares.

- **Programa para a promoción e utilización sostible dos recursos naturais e preservación dos bens con valor paisaxístico do concello.**

Nel continuaremos cos programas de valorización do noso patrimonio natural; no mantemento e promoción da **Aula da Natureza**, onde se dará continuidade ós programas de educación ambiental dirixidos os centros educativos e público en xeral ca ampliación da oferta de actividades de educación ambiental que supón contar cunha instalación tan completa como esta. Este goberno xa deu exemplo creando unha sede da **Aula da Natureza** que pon en práctica a maior parte das cuestións que ensina, converténdose así nunha ferramenta didáctica sobre o uso das enerxías renovables, adecuación á paisaxe, reutilización de augas grises ou os usos sustentables do monte.

- Continuaremos deseñando actividades **en contacto coa natureza** a través de programas didácticos, excursións, obradoiros e outras actividades para dar a coñecer e concienciar aos amienses dos temas ambientais dun xeito máis divertido e atractivo.
- Manteremos o **Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais** a través do cal manteránse accións como a vixilancia nos períodos de alto risco ou a importante labor na limpeza e arranxo de vías e camiños municipais.
- Continuaremos informando e asesorando os donos de terreos da importancia de manter a limpeza dos montes.
- Manteremos a recente ferramenta creada por este goberno para **traballar na prevención e recuperación ambiental do solo forestal** durante todo o ano e non só na temporada estival **consistente nun convenio para a repoboación, con especies legalmente permitidas**, de todas aquelas parcelas que estean incluídas nas faixas de especial protección e preto de núcleos poboacionais. O que se pretende con este convenio é fomentar as

repopoacións **co fin de evitar o empobrecemento do solo e crear unha nova masa arbórea con especies que contribúan á prevención e mitigación dos efectos do lume**. Por outra banda a repoboación permítelle ao propietario un importante aforro económico e de traballo xa que non terá que limpar todos os anos a súa finca porque debaixo destas árbores deixará de medra maleza".

- **Incrementaremos a dotación das brigadas de garda ambiental** para seguir velando polo cumprimento das normativas ambientais, contribuíndo á conservación e mellora do contorno natural, colaborando nas labores de prevención de incendios e limpando e mantendo as rutas.

Para continuar a ser un exemplo de **Municipio Verde** establecemos as seguintes accións:

- Elaboración **de xornadas formativas sobre desenvolvemento sostible** abertas a todos os amienses, con especial incidencia para os técnicos municipais, edís, empregados públicos, colectivos profesionais e asociacións de veciños.
- **Creación de un Servizo de Información** para o cidadán en asuntos de sustentabilidade local.
- **Reforzaremos o asesoramento a empresarios e comerciantes sobre a normativa vixente** e as medidas máis axeitadas para un desenvolvemento respectuoso co medio.
- Mantemento dos **Programas de educación ambiental Monte Escolar**.

Continuación do **programa de recuperación dos nosos recursos naturais** coas seguintes medidas:

- Creación da **Guía Verde de Ames**.
- **Dinamización do programa Municipio Verde** orientando á atracción

turística dos que buscan un ocio diferente e respectuoso co entorno medio ambiental e cultural.

- **Plan de recuperación de camiños tradicionais e novas rotas** para crear máis sendas verdes e, con elas, impulsar o sendeirismo como práctica para a adquisición de hábitos saudables.
- Programa **recuperación dos ríos e recursos hidráulicos** facendo especial fincapé na **continuación da recuperación do río Sar** e as súas ribeiras a través das sucesivas brigadas que veñen desbrozando, limpando e acondicionando o itinerario ambiental creado para concienciar á poboación da situación actual do río e da necesidade de seguir coidando e para que coñezan os motivos polos que se atopa neste estado xunto cun **proxecto piloto de técnicas de restauración de marxes e ribeiras**.
- Manteremos o tratamento das augas e as análises periódicas coa finalidade de incrementar e garantir a súa calidade. Estes datos serán facilitados ós amienses que o soliciten e, en todo caso, publicados na web do concello.

Con este paquete de medidas e, coa colaboración dos amienses, **lograremos un modelo de crecemento baseado no respecto do entorno, o desenvolvemento sostible** e o mantemento e mellora do noso patrimonio natural.

VI. MÁIS POLÍTICA DE VIVENDA.

Mellorar a accesibilidade á vivenda é unha das preocupacións fundamentais dentro do marco xeral da xestión do solo e o territorio deste equipo de goberno. Por isto e, debido á situación económica precaria de moitos cidadáns, os socialistas de Ames propoñémonos que, tendo dereito o acceso a unha vivenda de protección oficial, ninguén teña que renunciar a ela por atoparse desempregado. Para paliar esta situación propoñemos as seguintes medidas:

- **Promoción da construción de vivendas protexidas** establecendo, como grupos prioritarios para acceder a elas, aos sectores sociais máis desfavorecidos e os que, por diversas razóns, teñan dificultades para acceder a unha vivenda propia. Poremos especial atención ás familias coas rendas máis baixas, ás familias monoparentais con cargas familiares e ós xoves menores de 30 anos.
- **Incentivaremos a conversión de vivendas valeiras en vivendas protexidas**, segundo o establecido no *Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación* con elo contribuiremos un dobre fin: Por un lado aumentar a oferta de vivendas protexidas e, por outro, reducir o excedente de vivendas deshabitadas.
- As medidas anteriores permitirannos continuar co reforzo do **programa de erradicación de infravivenda** aumentando a oferta de vivendas aos colectivos sociais máis desfavorecidos permitindo a súa integración.
- Daremos continuidade ao **programa especial de vivenda e edificios públicos sen barreiras**. Para lograr a total accesibilidade instalaremos ascensores e rampas de acceso que faciliten a calidade de vida dos nosos maiores e das persoas con discapacidades e/ou dependentes.

VII. UN CONCELLO CON MÁIS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS E MÁIS DESENVOLVEMENTO RURAL.

A **harmonía entre o benestar das persoas e a calidade medioambiental** do entorno no que viven é un dos principais obxectivos deste equipo de goberno. Por isto deseñamos e planificamos a xestión das infraestruturas municipais pensando non só no eido urbano, senón tamén no rural buscando **a maior integración co medio ambiente e o mínimo impacto ambiental**. Os traballos traduciranse nunha óptima utilización e funcionamento dos edificios e instalacións municipais para todos os amienses.

Entre os nosos obxectivos máis inmediatos está o pleno cumprimento da ***Lei para o Desenvolvemento Sostible do Medio Rural*** logrando estender e mellorar os servizos públicos no medio rural. Para isto establecemos unha serie de proxectos cos que **garantiremos o abastecemento de auga**, a través da potabilizadora de Lens, e o **saneamento de todos os núcleos habitados** de Ames. Para que a totalidade das vivendas dispoñan destes servizos afrontamos o remate do saneamento e abastecemento integral en Piñeiro, na parroquia de Trasmonte e nas vivendas illadas.

Buscando a **optimización de recursos e de axuste económico**, ao igual que no caso da auga e a recollida do lixo, **fomentaremos a colaboración con outros concellos** na prestación dos servizos básicos.

Continuaremos co ***Plan de Travesías*** no que se establecerán proxectos específicos para a **execución de novos tramos de beirarrúas** nas zonas rurais que o precisen. Ademais incluíranse medidas para **reforzar a seguridade viaria** procedendo á eliminación das barreiras arquitectónicas como son: Os rebaixes de

bordos en pasos de peóns, as rampas e as entradas de garaxes.

Seguiremos co **plan de mantemento, acondicionamento, mellora e reforzo da rede viaria municipal**. Manteremos a supervisión e inspección periódica do estado das redes viarias. Estableceremos plans de actuación inmediatos destinados a incrementar o servizo de limpeza viaria de maleza, acondicionamento das pistas municipais, mantemento e reparación das beirarrúas, das cunetas e dos seus elementos ornamentais así como a reposición do firme.

Impulsaremos un **plan de reforzamento do alumado público** en todos os núcleos poboacionais tendo en conta os **plans de eficiencia enerxética** tanto na adquisición de novos equipos, dando preferencia aos de **enerxías renovables**, como na adxudicación de obras nas instalacións municipais. Ademais continuaremos mantendo un control periódico das instalacións existentes co obxectivo de **diminuír o consumo e a contaminación lumínica**.

Continuaremos co **seguimento e inspección continua ás obras municipais** executadas por empresas privadas cunha dobre finalidade: evitar que se incorra nalgunha irregularidade e garantir o cumprimento nos prazos de entrega.

Deseñaremos a **creación de novas zonas verdes** nas áreas de maior densidade poboacional actuando, sobre todo, en dous frontes: Parques infantís e áreas recreativas para xoves e maiores. Todos elas respectando a **normativa europea** con medidas de seguridade, e instalacións modernas e seguras. Todos estarán baixo o **plan integral de acondicionamento e mantemento de parques e xardíns de Ames**.

Este equipo de goberno prepara ademais outros plans de actuación centrados no:

- Continuaremos ca **protección social e laboral dos xoves e as mulleres no**

- ámbito rural** apoiando políticas de axuda que lles permitan poñer en marcha as iniciativas máis emprendedoras.
- Manteremos **a atención** de todas as persoas, con independencia de onde vivan.
 - Garantiremos o abastecemento enerxético e **promoveremos a produción e uso das enerxías renovables**.
 - **Melloraremos o servizo do transporte público** reforzando as prestacións para as zonas e colectivos que non dispoñen doutros medios de locomoción.
 - Completaremos o **plan de sinalización de núcleos** centrándonos agora na sinalización direccional.
 - Continuaremos **estendendo o servizo de *gas natural* e a rede e cobertura da televisión dixital terrestre, telefonía móbil, banda ancha para internet e WI-FI**. Para elo reforzaremos o acceso ás novas tecnoloxías e infraestruturas da comunicación acabando coas *zonas de sombra* que impiden a boa recepción da sinal de televisión, telefonía e internet.
 - Seguiremos apostando pola **alfabetización e democratización informática rural**.

VIII. MÁIS TRANSPORTE PÚBLICO E MOBILIDADE SOSTIBLE.

Nos próximos catro anos o noso equipo de goberno impulsará a posta en marcha do **Convenio de Transporte Metropolitano** asinado coa Xunta de Galicia. Este convenio suporá unha **substancial mellora para os usuarios do transporte con orixe e destino en Ames**.

Continuaremos impulsando a **Rede de Transporte Metropolitano**, posto en marcha en 2009 pola Dirección Xeral de Transportes, facilitando a comunicación viaria dentro e fóra do noso concello, a prezos moi asequibles podendo realizar transbordos gratuítos. **Continuaremos coa nosa aposta polo fomento dun transporte público** eficaz e accesible cunha frecuencia e uns prezos que satisfagan as necesidades dos usuarios. Para elo **esixiremos a posta en marcha de novas liñas** demandadas pola poboación de interese metropolitano e de interese municipal na zona rural así como o **reforzo e control de funcionamento das xa existentes**.

Continuaremos traballando na **adecuación do entorno das paradas** e ofrecendo información para os viaxeiros sobre traxectos, frecuencia e custes.

Estableceremos unha **clara xerarquía no reparto do uso do espacio público viario** onde convivan nunha perfecta xerarquía: peóns, ciclistas, transporte público, distribución de mercancías e por último, motocicletas e turismos. Para lograr este fin impulsaremos **campañas seguridade viaria** e de correcto e pleno cumprimento do Código de Circulación, así como das ordenanzas municipais correspondentes a esta materia.

Impulsaremos campañas que fomenten o **uso compartido de vehículos privados**

nos desprazamentos cotiás aos lugares de traballo e/ou estudio.

Desenvolveremos un plan local informativo para impulsar o **uso do Vehículo Eléctrico (VE)**.

Continuaremos co **fomento dos desprazamentos curtos a pé e/ou en bicicleta**. Para elo establecemos as seguintes medidas:

- **Eliminación das barreiras arquitectónicas e mellora do estado das beirarrúas** para **facilitar a mobilidade das persoas con discapacidade**s que, por exemplo, precisan do uso de cadeiras de rodas.
- **Conversión** dalgúns espazos públicos **en zonas peonís** coa finalidade de recuperar áreas de convivencia e esparcemento para goce de todos os amienses.
- Impulsaremos o **uso da bicicleta como medio de transporte alternativo**, ecolóxico, barato, desconxestionante do tráfico e san. Para animar ao seu uso crearemos a **Escola Municipal de Ciclismo de Ames** e estableceremos unha **rede de vías para bicicletas** que conecte os núcleos urbanos coas zonas verdes e promocionaremos servizos de **aluguer de bicicletas**.
- Buscaremos a convivencia harmónica integrando **nas mesmas vías as opcións para peóns e ciclistas**.

IX. MÁIS SEGURIDADE CIDADÁ.

Un dos aspectos que máis preocupa ós amienses é a seguridade cidadá. Ante a situación de crise actual que disparou os índices de inseguridade noutros lugares, o noso equipo de goberno desenvolverá programas que garantan a convivencia, a liberdade e a seguridade dos nosos veciños. Para lograr estes obxectivos traballaremos en tres ámbitos diferentes:

1. Reforzo da Seguridade Local e a Cooperación Policial.

- A través da **Xunta Local de Seguridade** estableceremos procedementos de colaboración e coordinación co resto das administracións do estado e o Ministerio do Interior, tendo en conta as necesidades, prioridades, accións conxuntas e campañas de protección para incrementar a seguridade cidadá.
- Potenciaremos a **coordinación da Policía Local co resto dos corpos de seguridade.**
- **Fomentaremos proxectos de cooperación entre concellos** en materia de seguridade cidadá e protección civil.
- Parte do **diñeiro recadado polas sancións de tráfico** será investido no desenvolvemento de políticas e medidas para a mellora da seguridade viaria urbana.

2. Mellora, modernización e calidade nos servizos da policía local.

- Reforzaremos a dotación material e humana da policía local para lograr un **maior grado de seguridade.** Por un lado poremos especial atención á renovación tecnolóxica dos seus servizos con novos sistemas de comunicación e informáticos que aceleren a creación de bases de datos, intercambio de información con outras entidades e a tramitación de denuncias. Ademais estableceremos **mecanismos de control do traballo coa implantación**

de GPS nos vehículos e de control de quendas de garda. Por outro lado continuaremos co obxectivo de acadar **un policía local por cada mil habitantes**. Neste senso, nos últimos catro anos, este equipo de goberno, aumentou en cinco os efectivos policiais no noso concello.

- **Ampliarase e diversificaranse as funcións da policía local**, potenciando as actividades nas competencias propias de salvagarda, da seguridade cidadá e da seguridade viaria. Poñendo especial énfases na **vixilancia nocturna**, no reforzo do seu papel na educación viaria e de comportamento cívico. Potenciaremos estas accións a través de melloras formativas impartidas ao persoal policial adaptadas á situación de delincuencia actual.
- Promoveremos as funcións da policía local en materia de violencia de xénero **Policía Xudicial e de Policía de Proximidade** en contacto directo cos cidadáns e a súa problemática. Así traballarán en dous aspectos principais: Desenvolver a **Policía de Barrio** como xestores da seguridade e da prevención e dar resposta ó pequeno delito no municipio.

3. Participación cidadá na seguridade local.

Fomentaremos a integración dos conceptos **de seguridade e prevención na planificación urbanística**, favorecendo o deseño de espazos que faciliten a convivencia e adaptando os espazos públicos ás necesidades sociais.

Daremos continuidade ás **accións de prevención de actos vandálicos** e de desenvolvemento social baseadas en **programas de integración e prevención** de problemas derivados da diversidade cultural, e seguiremos a favorecer a plena integración dos inmigrantes.

Continuaremos cos programas de prevención de actos vandálicos poñendo en marcha as seguintes medidas:



- Auditorías de seguridade que arbitren o pleno coñecemento da influencia que a inseguridade cidadá ten no benestar social e na calidade de vida.
- Elaboración de novos **programas de prevención das drogodependencias** e busca de **novas formas de ocio alternativo e de calidade** para os máis novos.

X. UN CONCELLO MAIS COMPROMETIDO CA IGUALDADE E AS POLÍTICAS DE XÉNERO

O concello de Ames ten unha **veciñanza heteroxénea composta por homes e mulleres con diferentes culturas, crenzas e necesidades** ás que, este equipo de goberno, quere dar respostas adaptadas ás súas especificidades sen perder nunca de vista **as políticas de igualdade e de xénero**.

1. Pola igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Continuamos ca nosa aposta pola **prevención de todas as formas de violencia** reforzando os servizos de atención integral ás **mulleres, fillas e fillos** que sufran violencia de xénero directa ou indirectamente.

Para lograr a **erradicación da violencia doméstica e a consecución da igualdade real entre mulleres e homes** poremos en marcha as seguintes medidas:

- **Creación da Concellaría da Cidadanía** para completar a labor da Concellaría de Igualdade.
- Continuaremos aplicando o ***Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Ames***.
- Seguiremos a facer **programas de formación para os máis novos** para fomentar, dende nenos, o respecto aos demais e outros aspectos na convivencia diaria entre os que se atopa a colaboración nas tarefas domésticas. Con isto lograremos **inculcar os valores da igualdade nas xeracións futuras**.
- De cara aos adultos seguiremos coas **campañas de sensibilización nas que se fomente o reparto igualitario do traballo no ámbito doméstico** evitando a *dobre xornada laboral* das mulleres.

- Poremos en marcha acción destinadas ás **mulleres emprendedoras**, incentivando o emprego autónomo e a creación de empresas. Así mesmo continuaremos co empeño de lograr a igualdade no acceso ó emprego, a promoción, a retribución e o recoñecemento do traballo realizado polas mulleres.
- Apoiaremos a **conciliación da vida laboral e familiar esixindo as prazas necesarias nos centros educativos infantís e garderías**. Ademais apoiaremos o acceso a **programas de respiro familiar e estancias curtas** para familias con persoas maiores e/ou dependentes en centros de día e residencias para maiores. Adecuaremos os horarios de determinados servizos municipais á xornada laboral dos veciños/as.
- Contribuiremos a apoiar o **acceso das mulleres ás novas tecnoloxías** co fin de facilitar a súa formación e incorporación ó traballo.

2. Loitamos contra a violencia de xénero.

Continuamos loitando contra a violencia de xénero apostando pola posta en marcha de programas e actuacións orientados a erradicar esta lacra a través da **Concellaría da Muller**. Este equipo de goberno conta cun grupo de profesionais que ofrecen asesoramento técnico, xurídico, e apoio psicolóxico. Nos próximos catro anos aumentaremos as súas funcións e actividades seguindo **organizando campañas contra a violencia doméstica**, educación familiar, orientación para o emprego, cursiños de formación profesional e uso das novas tecnoloxías.

Seguiremos prestando **apoio ás vítimas traballando polo afastamento e independencia do seu agresor**. Pensando especialmente nas mulleres con altos grados de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

XI. UN CONCELLO CON MÁIS BENESTAR SOCIAL.

As **políticas sociais** foron un dos piares fundamentais nos últimos oito anos para este equipo de goberno. Con elas garantimos o **acceso ás prestacións básicas** como un dereito da cidadanía **favorecendo os procesos de benestar, inclusión persoal e cohesión social**.

O concello, como instrumento máis próximo da administración á cidadanía, asume a competencia de **ofrecer información e orientación sobre os programas e recursos sociais públicos**, actividades deseñadas para evitar os procesos de exclusión social favorecendo a convivencia familiar e social.

A **Concellaría de Benestar Social de Ames** continuará dando gran protagonismo ás políticas sociais nos próximos catro anos asumindo e canalizando as demandas dos cidadáns. Por isto traballaremos na elaboración dun **Plan Social Municipal** coordinando e xuntando esforzos de varios departamentos coa finalidade de contemplar todos os ámbitos da sociedade amiense para lograr o benestar social.

No **Plan Social Municipal** contemplaremos o **reforzo da política do benestar e cohesión social** cunha serie de medidas en varias áreas de actuación:

1. Para os nosos maiores, para os nosos dependentes e para as persoas con discapacidades.

Este equipo de goberno propónse continuar co seu compromiso en lograr a súa plena realización e integración social. Por iso, dende o ámbito das competencias municipais, apostará polo **desenvolvemento pleno do sistema de atención á dependencia**, garantindo a súa aplicación efectiva en colaboración coa Xunta de Galicia.

- Daremos continuidade á liña de ***Permanente Apoio ós Maiores***, na que a través de persoal especializado, se desenvolven actividades de información, xestión de recursos e coordinación dos distintos programas municipais, detección de problemas, derivación a outros servizos especializados e programas de intervención en casos nos que sexa necesario.
- **Manteranse os programas** dirixidos ós nosos maiores centrados nos seguinte ámbitos: **Educativo** (animación á lectura, educación de adultos e cursiños de iniciación ás novas tecnoloxías); **Lecer** (obradoiros de manualidades, viaxes culturais e xogos, como o xadrez) e **Terapéutico** co ***Programa Amessan*** (ximnasia, rehabilitación e cursiños de memoria).
- Potenciaremos a **participación das persoas con discapacidade** no eido municipal, cultural, deportivo e de ocio, traballando man a man coas asociacións e as ONG's.
- **Garantiremos o transporte e a mobilidade das persoas con dependencia** física e intelectual que o requiran, **impulsando o traballo levado a cabo polo *Proxecto ANTA*** no ámbito do **transporte adaptado**.
- Daremos continuidade ó ***Plan de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas*** para facilitar o acceso ós edificios e vías públicas **mellorando a autonomía e liberdade** das persoas maiores e/ou con algún tipo de discapacidade.
- Asemade continuaremos co ***Programa de Adaptación de Vivendas e Estancias*** ás necesidades físicas destas persoas favorecendo, ademais, a integración das novas tecnoloxías para facilitarlles a actividade diaria.
- Impulsaremos a **creación de dous Centros de Día** dotados das infraestructuras e recursos económicos e humanos necesarios e adaptados ás necesidades reais tanto dos usuarios como dos seus familiares.
- Continuaremos apostando polo ***Servizo de Axuda no Fogar***. Nel incorporaremos novos programas como o ***Comedor sobre Rodas*** (consistente no reparto de comida a domicilio para persoas maiores que viven

soas ou se encontran en situación de incapacidade e requiran de asistencia) e o servizo de ***Lavandería á domicilio*** (no que se procede á recollida de roupa unha vez á semana e posterior lavado e pasada de ferro)

- Apoiaremos **actividades de formación dirixidas ós familiares e cuidadores**, propiciando ***programas de respiro familiar*** e apoiando, na medida do posible, o **acceso a prazas residenciais** para aquelas persoas que, debido ao seu grado de dependencia, non podan residir no seu domicilio.
- Impulsaremos a creación dos ***Bancos de Tempo*** para que **as persoas maiores poidan ofrecer o seu tempo libre** para o desenvolvemento de actividades voluntarias útiles para o conxunto da cidadanía, fomentando así valores de cooperación e solidariedade.

2. Apoio ás familias e á conciliación da vida laboral e familiar.

A **familia é o eixo central do benestar social**. Por iso este equipo de goberno centra os seus esforzos en facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, algo imprescindible nunha sociedade moderna na que se impoñen outros modelos familiares como, por exemplo, as monoparentais que presentan características especiais.

Para dar solución ás novas necesidades desenvolveremos as seguintes medidas:

- Continuación dos ***programas de conciliación*** dirixidos aos nosos fillos co **mantemento de servizos básicos** como os **comedores escolares** e de **actividades lúdicas e extraescolares** como: ***Bos días cole, Tardes divertidas e as Escolas de Verán.***
- Manteremos o **programa de axudas económicas en tres ámbitos: ás familias numerosas**, para **compensar as pensións máis baixas e de apoio a familias monoparentais e con persoas dependentes.**
- Impulsaremos a creación dun ***Centro de Orientación*** para **asesorar ós**

mozos e mozas e tratar posibles problemas familiares, funcionando como intermediario entre eles e as súas familias. Ao mesmo tempo poremos en marcha **programas específicos para as familias que vivan situacións problemáticas** como o consumo de drogas, alcoholismo e situacións de desemprego de longa duración.

- Traballaremos pola **salvagarda dos dereitos e liberdades dos menores**, coordinados cos organismos e institucións que interveñen cos nenos/as e adolescentes **que se encontran en risco de exclusión social**.
- Apostamos pola **cobertura pública de prazas nas Escolas Infantís para nenos e nenas menores de tres anos**. O obxectivo último é acadar o equilibrio entre a vida familiar e a laboral das mulleres e homes para que ambos poidan acceder ás mesmas cotas de satisfacción persoal.

Co fin de sensibilizar á sociedade en que **a conciliación da vida profesional e persoal é unha necesidade e un dereito**, seguiremos na promoción de programas de concienciación social facendo especial fincapé na **necesidade do reparto de responsabilidades das tarefas domésticas como unha cuestión de todos e todas**.

3. Pola integración, a inclusión e a cohesión social.

Coa finalidade de lograr a plena integración, a igualdade de oportunidades e a equidade social o noso equipo de goberno creou o **SAMI**. Con el prestamos asesoramento xurídico, información sobre o acceso ás axudas públicas e orientación laboral e familiar a todas as persoas que integran o colectivo de inmigrantes e emigrantes retornados.

Neste eido desenvolveremos, en colaboración co resto de interlocutores sociais, unha serie de medidas englobadas na consolidación do **SAMI**. Seguiremos a facer

campañas de sensibilización e revalorización dos inmigrantes organizando **programas de orientación** para a súa inserción social e laboral e **programas de adaptación nos centros educativos.**

Completando estas actuacións promoveremos o diálogo e o **intercambio cultural a través do asociacionismo**, facilitando puntos de encontro e espazos de relación. Debido ao éxito das últimas edicións continuaremos celebrando o **Encontro Gastronómico Intercultural.**

No tocante ás persoas en situación de **risco de exclusión social** as accións que desenvolveremos son:

- A **elaboración dun mapa de necesidades de actuación** en función daquelas zonas nas que se rexistra un menor grao de integración. Con esta primeira ferramenta de traballo deseñaranse as accións máis eficaces e axustadas para eliminar as causas de exclusión social.
- **Programas de orientación e formación** para os colectivos máis desfavorecidas.
- **Reforzaremos as prestacións sociais e axudas de emerxencia** destinadas a paliar ás necesidades básicas.
- **Colaboración cas institucións, ONG's e voluntariado** que teñan en funcionamento comedores e albergues, para persoas sen fogar.

4. Por un concello cada día máis saudable.

A entrada na **Rede Galega de Concellos Saudables** supuxo un paso importante e o recoñecemento á política levada a cabo por este concello en **materia de promoción de saúde pública.** A pesares da desaparición desta rede a nivel

galego, os socialistas de Ames seguiremos traballando por un concello máis saudable e consolidaremos o **Proxecto Ames Saudable** levando a cabo as seguintes medidas:

- **Continuaremos cos programas que motiven a consecución de hábitos e estilos de vida saudables**, tanto entre os maiores como entre os máis novos, fomentando a actividade física, creando circuítos biosaudables e evitando o sedentarismo.
- Desenvolveremos, en colaboración cos centros educativos, un **programa de prevención de embarazos non desexados** que conte, ademais, con **asesoramento e información sobre enfermidades de transmisión sexual**, incluíndo cursiños de educación para a saúde entre os máis novos.
- A través do **Servizo de Prevención de Drogodependencias** potenciaremos **campañas de prevención a** escolares (destinadas á detección precoz do consumo) e **campañas informativas** (sobre as consecuencias do consumo de drogas).
- Elaboraremos un **Plan de acción Local** en materia de **Drogodependencias** tal e como se recolle no decálogo de accións a impulsar e que foi aprobado polos socialistas de Ames neste último ano. Levaremos a cabo este plan mediante a coordinación das diferentes áreas con medidas específicas que potencien o hábito biosaudable.
- Seguiremos apostando forte pola saúde dos amienses con programas específicos como o **THAO**, contra a obesidade infantil o apoio aos **grupos de Lactancia Materna** recentemente creados e a preparación para o parto. Ademais levaremos a cabo un ciclo de charlas informativas en materia de saúde e concienciamos aos amienses de cara á doazón de sangue.
- Esixiremos á Xunta de Galicia o **desenvolvemento dos equipamentos de saúde públicos e de calidade para garantir o acceso en equidade aos servizos sanitarios**, xunto co incremento de servizos no noso Concello.



XII. UN CONCELLO POLA EDUCACIÓN DE CALIDADE.

O noso equipo de goberno **aposta por unha educación pública e universal apoiada en valores democráticos, de liberdade e solidarios** que fomenten a integración, a convivencia sen discriminación nin violencia e o respecto ao medio ambiente. Unha educación deseñada por e para todos os axentes sociais na que se trata de *aprender para ser e para convivir*.

Neste sentido, o noso concello, configúrase como o escenario óptimo para introducir recursos e metodoloxías que axuden a reforzar a educación para a paz e a saúde, a cooperación e o respecto á diferenza. Por isto vertebramos a nosa política educativa nos seguintes parámetros:

1. Un modelo educativo integral.

- A través do **Mapa Escolar Municipal** detectamos que, polo aumento poboacional no noso concello, aumentou a demanda para o **acceso á educación** dos nosos fillos. Por iso nos **comprometemos a esixir a creación de máis prazas** nas Escolas Infantís Municipais para nenos de 0-3 anos, en CEIPs e no ensino secundario.
- Na liña **de conciliación da vida familiar e laboral**, seguiremos apostando polo **mantemento das actividades extraescolares** nas que se fomenten valores vinculados ao deporte, a convivencia e a integración. Todas elas coordinadas dende o concello cos centros educativos e as Asociacións de Nais e Pais.
- Continuaremos o traballo realizado os últimos anos **nos comedores escolares dos centros educativos amienses** cun proxecto integral para **fomentar hábitos saudables** con menús revisados por unha nutricionista completados con actividades lúdico-deportivas.

- **Impulsaremos un Programa de Saúde Infantil** coa finalidade de **invertir a tendencia ascendente da obesidade infantil**. Para isto elaboraremos plans de acción dirixidos a redireccionar hábitos e actitudes na alimentación e na actividade física dos nenos e das súas familias buscando facelos máis saudables.
- Impulsaremos **programas de educación para a sustentabilidade e respecto ó medio ambiente** para os escolares. O obxectivo é **que os nenos medren rodeados dunha conciencia e actitude ambiental** na que aspectos como a reciclaxe, o aforro de auga e enerxía e o coidado e respecto ao medio ambiente sexan valores que formen parte do seu día a día.
- Promoveremos **actividades de educación viaria ós escolares** para que adquiran actitudes positivas ante as normas de circulación e convivencia cidadá e para que eles mesmos se conciencien, como peóns, ciclistas ou motoristas de fomentar hábitos de seguridade.
- Incrementaremos o **número de programas de información e asesoramento específicos** de educación sexual, loita contra o consumo de drogas e de prevención de enfermidades nutricionais como a bulimia ou a anorexia.
- **Ampliaremos o número de bolsas** para apoio á educación así como subvencións para o comedor, transporte e material escolar.
- **Fomentaremos a mobilidade dos estudantes** do concello a través de **intercambios** e estadías formativas noutros países, especialmente da Unión Europea.
- **Impulsaremos o Plan de Dinamización da Lectura** con campañas de animación, concursos, certames literarios, contacontos e outras actividades que favorezan, ademais, a adquisición de valores e actitudes cívicas, como a solidariedade, a ecoloxía e a igualdade, ecoloxía.
- **Melloraremos os horarios de apertura das bibliotecas municipais** e a

colaboración cos centros educativos, deste xeito achegaremos ós nenos e nenas do concello as vantaxes deste hábito na vida diaria.

- **Creación dunha mediateca** na que, grazas ás novas tecnoloxías, poidamos acceder a un abano moito máis amplo de posibilidades.
- **Impulsaremos**, conxuntamente, coa comunidade educativa, proxectos de participación e educación cívica de menores e mozos como, por exemplo, os *Plenos Infantís* ou a ***Carta da Cidadanía Xuvenil***.

2. Na educación participamos todos.

O obxectivo é desenvolver e impulsar **programas dirixidos a acadar unha maior participación do conxunto da sociedade no plan educativo local** fomentando os principios de igualdade de oportunidades, integración e convivencia. Para lograr estes fins levaríamos a cabo as seguintes actuacións:

- Reforzaremos o papel asociativo e participativo do alumnado dando máis relevancia ó ***Consello Escolar Municipal***. Ademais estimularíamos a implicación e participación de pais e nais, titores e outros axentes sociais nos consellos escolares e outras asociacións educativas.
- Impulsaremos a ***creación da Escola de Pais e Nais de Ames*** para que estes coñezan e comprendan mellor o desenvolvemento evolutivo dos seus fillos e fillas, mellorando e fortalecendo as relacións na familia. Xunto a esta escola coordinaremos programas de asesoramento, mediación e terapia familiar nos casos nos que sexa necesario.
- **Fomentaremos a participación das ANPAS** coa liña de subvencións e axudas para actividades educativas extraescolares levadas a cabo polas propias ANPAS.
- **Fomentaremos a participación** dos rapaces e rapazas do concello na **Escola de Música Municipal**, favorecendo a creación de novos locais.

- Continuaremos **apostando pola educación para adultos**, con horarios que fagan compatibles a vida laboral e a formación. Nesta mesma liña, fomentaremos actividades que faciliten a comprensión e utilización das novas tecnoloxías.

3. Infraestruturas, instalacións e recursos.

A nosa tarefa educativa require tamén do esforzo por ofrecer espazos, equipamentos, infraestruturas e servizos adecuados ó desenvolvemento social, moral e cultural. Así pois, **para a mellora e reforzamento das instalacións e recursos** establecemos as seguintes medidas:

- **Eliminación de barreiras arquitectónicas** que impiden e dificultan a mobilidade do alumnado. Nesta mesma liña de traballo, esixiremos que **o transporte escolar cumpra a normativa vixente** para ofrecer un servizo integral, dotado do persoal adecuado, que garanta o dereito ó transporte do alumnado con discapacidades físicas en igualdade de condicións.
- Investiremos os recursos orzamentarios necesarios para **garantir a adopción das medidas de seguridade oportunas nos centros educativos** e, para levar a cabo accións dirixidas ó mantemento permanente dos equipamentos e infraestruturas escolares.
- **Apoiaremos as bibliotecas escolares** aumentando os seus recursos mellorando equipamentos informáticos, tecnolóxicos e audiovisuais.
- Aproveitaremos as instalacións e equipamentos escolares do concello, fóra do horario lectivo, para **actividades complementarias** educativas, culturais, sociais e deportivas para os rapaces e o resto dos veciños.
- **Ampliaremos as instalacións da biblioteca de Milladoiro.**

4. A educación como un elemento de integración social e laboral.

Este equipo de goberno entende a **educación como un instrumento indispensable para inculcar valores** de cara a integración e a defensa da

diversidade. Por elo propomos as seguintes medidas:

- Continuaremos **desenvolvendo actividades que fomenten a educación** para a igualdade, a integración, respecto á diferenza e programas para a prevención de accións violentas nos que os nenos e nenas sexan os destinatarios e os verdadeiros protagonistas.
- Seguiremos impulsando decididamente **programas e actividades educativas para alumnos con discapacidade** física e, ou, intelectual, seguindo o exemplo da *Aula Adames*.
- **Crearemos a Aula Didáctica das Ocupacións** que funcione como fonte de información e orientación laboral para os máis novos na que, a través de contos, cómics, animacións e visitas de profesionais daquelas profesións que máis lle interesen entendan e coñezan en que consiste cada unha delas.
- **Incrementaremos a información entre alumnos e pais e nais sobre a oferta de ciclos formativos**, o seu funcionamento e as posibilidades e perspectivas de futuro no mercado laboral actual.
- **Promoveremos convenios de colaboración con empresas** para que o alumnado das ensinanzas superiores obrigatorias teñan contacto co mundo laboral a través de talleres ocupacionais e prácticas.
- **Facilitaremos a inserción educativa dos fillos e fillas dos inmigrantes**, mellorando a convivencia na escola propiciando a educación intercultural.
- **Traballaremos para a prevención do absentismo escolar** coordinando as actuacións coas institucións competentes e as familias.
- **Continuaremos cos programas de apoio e reforzo para o alumnado** que presente situación de fracaso escolar.

XIII. UN CONCELLO CON MÁIS CULTURA.

Os eixes sobre os que se asenta a nosa política cultural son: a **liberdade, o pluralismo, a diversidade, a participación e o fomento do movemento asociativo e a defensa do patrimonio histórico e etnográfico** de Ames. O noso equipo de goberno vive a cultura como unha fonte de riqueza e entendemento, instrumento de defensa da diversidade e fomento da tolerancia que garantiza a pluralidade e a cohesión social. Por todo isto a cultura é para nós un dos grandes activos que singulariza a identidade do noso concello.

1. Cultura para todos e todas.

Consideramos de vital importancia impulsar a participación de todos os axentes e sectores socio-culturais para lograr unha mellora na xestión dos recursos, accións e programas para que a cultura sexa un valor e un dereito de todos os amienses.

Para os vindeiros catro anos propoñemos unha axenda de traballo concretada nas seguintes accións:

- Coa **posta en marcha da ampliación da casa da cultura de Bertamiráns e a construción do centro de usos múltiples de Aldea Nova**, facilitaranse máis espazos físicos para a divulgación da nosa cultura e permitirán levar a cabo convenios de colaboración con outras entidades culturais. Neles programaremos actividades como obradoiros de artes plásticas e talleres de expresión musical. Ademais estes espazos poderán utilizarse como locais de ensaio.
-
- Continuaremos coa **achega da cultura a tódolos recantos do noso concello** poñendo especial atención na programación de actividades para o

rural favorecendo a implicación e participación dos seus veciños na creación e difusión cultural. Posto que os **Centros Sociais e Culturais** son e seguirán sendo esenciais nesta política cultural, serán ampliados mellorando as súas dotacións e servizos. Ademais potenciaremos a creación de **Asociacións Culturais** de marcado carácter local.

-
- **Converteremos paulatinamente as actuais bibliotecas municipais en Mediatecas** nas que, grazas ao uso das tecnoloxías da información e o coñecemento, teñan cabida, ademais dos fondos bibliográficos, a oferta cultural de cine, televisión, música e internet.
- Crearemos a **Rede Municipal de Bibliotecas**, onde se coordinen as diferentes bibliotecas escolares, municipais e autonómicas.
- **Fomentaremos o teatro para afeccionados** a través dos grupos municipais e os obradoiros de teatro.
- Desenvolveremos **actividades culturais complementarias** dirixidas a fomentar valores como a solidariedade, tolerancia, igualdade de oportunidades e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
- Apoiaremos á **Escola Municipal de Música de Ames**, co incremento de recursos humanos e económicos, fomentando a aprendizaxe e o aprecio pola cultural musical.
- Dinamizaremos programas destinados á **recuperación da memoria e a historia do concello**, así como a recuperación do patrimonio e as tradicións culturais. Unha vez recompilado e catalogado todo este material, desenvolveremos iniciativas destinadas á súa posta en valor e conservación.
- Esixiremos as inversións necesarias para o mantemento e mellora do Camiño Portugués e o Camiño de Fisterra.
- **Manteremos e ampliaremos a oferta de festivais musicais e teatrais** do concello. Do mesmo xeito promoveremos a creación de festivais de música e



baile tradicionais potenciando a participación dos grupos que pertencen ao termo municipal de Ames.

- **Manteremos unha calendario de exposicións** cunha dobre función: dar a coñecer distintos temas culturais e promoción de artistas e/o profesionais, tanto os de renome como os noveis.
 - **Apoiaremos as iniciativas culturais de calidade** presentadas ao concello por parte de colectivos e/ou particulares.

2. Política lingüística.

O vehículo de expresión natural da **nosa identidade é a lingua galega**. Por isto o noso grupo de goberno **apostará firmemente pola defensa e mantemento do galego, facendo da nosa lingua materna, un símbolo de modernidade e progreso**.

Para lograr estes obxectivos é imprescindible a nosa aposta polo reforzamento do ***Servizo de Normalización Lingüística***, demostrando así un gran compromiso co idioma propio e oficial. Dende o concello queremos dar exemplo e por iso iremos implantando o galego paulatinamente nos servizos municipais. Ademais poremos en marcha programas dirixidos ós amienses buscando a súa complicitade e implicación para levar a cabo este proceso.

XIV. UN CONCELLO CON MÁIS TURISMO E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO.

1. Turismo.

Ames é un concello rico en patrimonio histórico, ecolóxico, etnográfico, gastronómico e cultural polo que o noso equipo de goberno levará a cabo unha serie de **medidas para potenciar os recursos turísticos do noso concello:**

- **Elaboraremos unha guía turística** na que, ademais de fotografías, se incluírán textos explicativos e didácticos, mapas de localización (incluíndo coordenadas de localización para GPS), servizos que se prestan ós visitantes do concello (restauración, empresas especializadas en actividades deportivas e balnearios), listado de teléfonos e sitios web máis necesarios. Esta guía formará parte das campañas de promoción turística que estamos a deseñar para os vindeiros anos que contempla, ademais a elaboración do portal na páxina web municipal en varios idiomas para facilitar o acceso a información turística do noso concello dende calquera parte do mundo.
- Apoiaremos e **fomentaremos iniciativas no turismo rural.**
- Continuaremos coas accións de revalorización, rehabilitación, promoción e difusión dos ***Camiños de Santiago*** no seu transcorrer por Ames. Continuaremos con actividades xa realizadas e de gran difusión e aceptación como, por exemplo, o ***Festival Vía Stellae*** ou as saídas para escolares.
- Continuaremos fomentando o **turismo itinerante en autocaravanas** unha forma coñecer patrimonio histórico cultural que conta con gran número de seguidores noutros países europeos caracterizado, sobre todo, polo gran respecto dos seus usuarios co medio ambiente.

2. O patrimonio e a recuperación histórica.

Ames dispón dunha gran riqueza patrimonial distribuída por todo o termo municipal. Este equipo de goberno comprométese á recuperación e **revalorización desta riqueza cultural que poderá actuar como motor para xerar postos de traballo e desenvolvemento económico.** Por iso propoñemos as seguintes medidas:

- Continuaremos co **plan integral de recuperación, conservación, rehabilitación e sinalización dos elementos patrimoniais** de Ames.
- Seguiremos **mellorando o entorno das igrexas parroquiais**, a restauración dos exteriores e a revisión e soterramento das instalacións eléctricas e de telefonía. Do mesmo xeito intensificaremos a vixilancia nestes lugares co fin de **preservar a conservación dos monumentos declarados de interese cultural.**
- **Manterase a liña de axudas para a rehabilitación** dos bens patrimoniais.
- **Potenciaremos a creación de roteiros e sendas** que discorran por aqueles lugares de maior interese e riqueza cultural. Poñendo especial atención a lugares tan singulares como nos que viviu Rosalía de Castro.
- Impulsaremos o **calendario das festas parroquiais** favorecendo as actividades relacionadas co noso folclore e cultura tradicional e as promovidas polas asociacións culturais de Ames.

XV. MÁIS DEPORTE.

Deporte para todos é o principio vertebrador da nosa política deportiva para o concello de Ames.

O deporte representa valores **como o traballo en equipo, a solidariedade e o esforzo**, ademais de ser un **instrumento moi valioso para a integración e a convivencia**. Ademais está moi vinculado á educación, creación de hábitos de vida saudables e adquisición dos ideais relacionadas co respecto mutuo, a tolerancia, a deportividade e xogo limpo e a non discriminación.

O noso principal obxectivo é **seguir impulsando políticas de promoción deportiva** a fin de **motivar e animar a todos os veciños e veciñas de Ames**, dende a idade escolar e sexa cal sexa a súa idade ou condición, **á práctica do deporte** e actividades recreativas e de ocio. Por outro lado centraremos os nosos esforzos **na mellora e ampliación das infraestruturas** e na creación dunha **rede municipal do deporte de Ames**.

1. Deporte para todos.

A idea do noso equipo de goberno é a **creación dun modelo deportivo aberto a todos os amienses**, concibido como un elemento de apoio á integración socio-cultural e baseado nos valores cívicos de respecto e convivencia. Para promocionar a prácticas das actividades deportivas centraremos os nosos esforzos nas seguintes accións:

- **Fomentaremos a actividade deportiva** potenciando a creación entre os amienses **dunha conciencia de cultura deportiva**, animando á práctica de actividades físicas e de ocio entre os xoves, mulleres, persoas maiores e familias do municipio. Deste xeito non só promoveremos a **adquisición de**

hábitos de vida saudables senón que tamén lograremos a mellora da calidade de vida dos nosos veciños.

- Potenciaremos **programas específicos** para lograr a **igualdade de oportunidades** no acceso ás actividades deportivas con accións integradoras para **persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial e para colectivos con máis problemas de adaptación e/ou integración** (inmigrantes, retornados e persoas en risco de exclusión).
- **Promocionaremos o deporte como valor educativo** en colaboración con centros educativos para **Deporte na Escola** ademais incrementaremos as actividades desenvolvidas polas **Escolas Deportivas Municipais** as que presenten o deporte como un valor que favorece a educación, participación e integración. Ademais, **aproveitaremos os equipamentos escolares do concello en horario non lectivo, para os adestramentos dos colectivos e as escolas deportivas.**
- **Promoveremos os deportes populares,** tanto de os carácter competitivo coma os recreativos, a través dunha nova **Rede de Xogos Deportivos de Ames** coa dobre finalidade de recuperar os xogos dos nosos maiores, parte do noso patrimonio cultural, e como unha alternativa ás outras formas de ocio.
- **Apoiaremos a práctica de deportes minoritarios e/ou con pouca difusión,** en especial, todas aquelas actividades que propicien a participación dos xoves en risco de exclusión ou marxinación. Para favorecer a súa implantación adecuaremos os equipamentos deportivos ás demandas destes novos deportes.
- **Crearemos a Escola Municipal de Ciclismo de Ames.** e, para realzar máis o uso da bicicleta, **crearemos o Carril Bici de Ames.**
- O noso equipo de goberno manterá tamén o lema **deporte para todos** de cara aos nosos maiores por iso seguiremos promovendo a **ximnasia de**

mantemento e terapéutica.

- Apoiaremos a **práctica de deporte feminino** no tecido asociativo.
- **Apoiaremos ao tecido asociativo** creando programas de formación para adestradores, directivos e socios.
- **Favoreceremos convenios específicos con entidades deportivas** para a cesión das **Escolas Deportivas Municipais**.
- Crearemos **Ames Cup** no deporte de base e **Campionatos de fútbol 7 de veteranos**.

2. Mellora e ampliación das infraestructuras deportivas.

A práctica do deporte esixe a mellora e ampliación de espazos físicos ben equipados, que garanten un fácil acceso ás instalacións e respondan ás necesidades para a práctica das distintas modalidades deportivas. Para iso preparamos as seguintes medidas:

- **Realizaremos un estudio sobre a situación das instalacións deportivas actuais** para ver cales son as carencias e demandas e levar a cabo os arranxos precisos para que estean a altura das necesidades e requirimentos dos usuarios.
- Estableceremos **convenios e liñas de colaboración coa Cidade Deportiva do Aero Club**, o que permitirá un incremento substancial na oferta en deportes como o golf, tenis e padel.
- Continuaremos coas **actuacións de acondicionamento e mellora permanente** dos equipamentos deportivos fomentando a contratación de operarios para levar a cabo estes traballos de conservación.
- Remataremos co programa de **eliminación das barreiras arquitectónicas** nas instalacións deportivas.
- Impulsaremos a **creación dunha área de atletismo**.
- Nas zonas de lecer crearemos de **circuitos de BTT e de sendeirismo**.

3. Rede Municipal do Deporte.

Crearemos medidas de apoio ó asociacionismo e organizacións deportivas, apoiándonos nas seguintes premisas:

- **Impulsaremos o asociacionismo deportivo,** aumentando a implicación de todos os axentes sociais facilitándolles os recursos e materiais dos que dispón o concello. É dicir, asinaremos **convenios de colaboración** para axudar á financiación das asociacións e entidades e ofreceremos información adecuada sobre as subvencións e axudas económicas ás que poden optar.
- **Promoveremos o deporte de base** con máis recursos e mellores infraestructuras ampliando a oferta deportiva para que un maior número de persoas se decidan a practicar algún tipo de actividade física.
- **Favoreceremos a creación,** a curto e medio prazo, do ***Consello Municipal do Deporte de Ames,*** no que teñan cabida todas as entidades e asociacións deportivas, e que sirva como canle de comunicación aberta entre estas e o concello, ademais de fomentar o asociacionismo.
- **Fomentaremos a colaboración e coordinación co resto das administracións** a fin de potenciar e impulsar a práctica das actividades deportivas.

XVI. UN CONCELLO CON MÁIS POLÍTICAS DE XUVENTUDE.

Os *xoves amienses son o futuro do noso concello* por iso o este equipo de goberno quere garantir a súa presenza e participación en todos os eidos da vida local: cultura, educación, economía, traballo e política. Para lograr este fin deseñamos unha política integral para a xuventude buscando a súa integración social, oportunidades laborais e respaldo ás súas iniciativas e propostas. Polo tanto, poremos especial atención en:

- Desenvolver, xunto cos axentes sociais, as asociacións xuvenís e a comunidade educativa, un ***Plan Municipal para a Formación e o Emprego do Xoves*** co **obxectivo de reducir o paro xuvenil**.
- Crearemos ***Escolas Taller***, como pasarelas de formación, nos **novos ámbitos de emprego** tales como os **servizos sociais**, as **TIC** e a **economía verde**.
- Redobraremos esforzos para acceder á **formación cualificada en idiomas e nas novas tecnoloxías**.
- Continuaremos impulsando, a través do servizo da ***Oficina Municipal de Información Xuvenil*** así como do ***Punto de Información Xuvenil de Milladoiro***, a **intermediación e inserción laboral**. Continuaremos ofrecendo unha atención máis personalizada ós xoves asesorándoos segundo os seus perfiles profesionais e/ou laborais á hora de buscar emprego.
- Seguiremos impulsando medidas de apoio as iniciativas e os **proxectos empresariais dos xoves emprendedores, o autoemprego e o cooperativismo**.
- **Impulsaremos as accións do voluntariado xuvenil**, fundamentalmente no eido medioambiental, social e na loita contra a exclusión.
- Continuaremos desenvolvendo actividades culturais, sociais, de participación e de ocio e tempo libre.
- Dotaremos ao concello de ***espazos de usos múltiples*** para que os mozos e

- mozas poidan ter lugares de reunión nos que relacionarse entre eles, compartindo instalacións con outros colectivos.
- **Fomentaremos a comunicación** cos mozos/as a **través das novas tecnoloxías**.
 - Impulsaremos a **creación dun Programa de Obradoiro Xuvenil** consistente en obradoiros de oficios dirixidos ós mozos e mozas **desempregados**.
 - Elaboraremos **programas de formación** para a mocidade naqueles nos **ámbitos con maiores posibilidades de inserción** laboral do concello.
 - Informaremos das políticas que **favorezan ó acceso á vivenda dos xoves**, tanto en réxime de compra como de aluguer. Ademais, estableceranse servizos de información e asesoramento na tramitación de axudas e subvencións para o acceso á vivenda.
 - Fomentaremos os **programas de intercambio** con mozos e mozas doutros países dinamizando actividades formativas e o perfeccionamento de idiomas.
 - No ámbito da saúde continuaremos levando a cabo **campañas informativas de carácter educativo e preventivo** relacionadas coa alimentación, sexualidade, drogodependencias, seguridade vial, igualdade e violencia de xénero.
 - Levaremos a cabo as medidas necesarias ante a autoridade pertinente para **conquerir o servizo de transporte nocturno Noitebús**, un servizo moi demandado polos xoves deste concello.
 - Continuaremos **fomento a práctica do deporte entre a mocidade**.
 - Continuaremos **impulsando programas de ocio alternativo** que ofrezan actividades culturais e deportivas de interese.
 - Seguiremos apostando e fomentando o **voluntariado xuvenil**.
 - Potenciaremos a **participación da nosa mocidade en programas de cooperación internacional**.
 - Crearemos a **Revista Xuvenil**, como instrumento para mellorar a



comunicación coa mocidade e para difundir información sobre ofertas de traballo, axenda local, axudas e subvencións, prestacións e bolsas ás que poden acceder.

- Elaboraremos **programas específicos de ocio** e tempo libre durante o fin de semana.

XVII. UN CONCELLO CON MÁIS EMPREGO.

Traballamos para **consolidar un concello cun maior nivel de benestar social e un crecemento económico equilibrado e sostible**. Para conseguilo xa temos **impulsado proxectos para o desenvolvemento do comercio local e de promoción do emprego, de valorización dos recursos turísticos, e de fomento da implantación da Sociedade de Información**, acadando a plena incorporación da cidadanía ás novas tecnoloxías.

1. Fomento do emprego no eido local.

Os **programas irán encamiñados á innovación e promoción do comercio local e da actividade económica**, apoiando, especialmente ós emprendedores, ó desenvolvemento rural, á revalorización dos recursos endóxeos do territorio e á formación do capital humano.

- Investiremos na **modernización do polígono industrial de Milladoiro**, dotándoo de infraestruturas para as novas tecnoloxías, melloras dos servizos básicos como pode ser o abastecemento da auga potable, a dotación dunha bolsa de aparcamento ou a mellora do sistema de recollida de residuos.
- **Ofertaremos novo solo industrial**, a través dun polígono na zona norte do concello, **que xerará emprego en Ames** creando as condicións adecuadas para a implantación de industria competitiva.
- Continuaremos prestando o **Servizo de Orientación Laboral** como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- **Coordinaremos as oficinas de emprego municipal co Servizo Rexional de Emprego da Comunidade Autónoma** estendendo esa cooperación aos servizos de emprego de outras comunidades para promover a mobilidade laboral.
- **Daremos continuidade aos programas de inserción** centrados na

información, orientación e a formación.

- **Continuaremos impulsando o emprego por conta propia**, proporcionándolles apoio á súa formación, asesoramento e información para o desenvolvemento da súa actividade empresarial, xestión de axudas para o financiamento de proxectos así **como un espazo para o emprendemento do Viveiro de Empresas xa iniciado.**
- **Seguiremos apostando polo emprego e a formación ocupacional** nun novo espazo propio como é o **Centro Municipal de Formación e Emprego**, entendendo que, na situación actual do mercado de traballo, é necesario un axuste e esforzo continuo de adaptación á dinámica do tecido empresarial e ós requirimentos formativos da poboación desempregada.
- Continuaremos impulsando a **creación de Escolas-Taller.**
- Fomentaremos **acordos entre o concello e outras administracións públicas de inversión conxunta en iniciativas empresariais**, parques científicos e tecnolóxicos e actividades industriais complementarias.
- Desenvolveremos **programas locais de creación de empresas en 24h.** En colaboración coa Comunidade Autónoma desenvolveremos bancos de empresas onde, os cidadáns interesados en crear unha empresa, poderán acceder a un catálogo de sociedades limitadas xa constituídas.
- Converteremos o **concello en intermediario entre os propietarios de bens inmobles desocupados e os cidadáns que precisen locais para emprender novas actividades.** Ademais ofreceremos a posibilidade de compensar débedas municipais coa cesión do uso de dito patrimonio. Así mesmo, este patrimonio baleiro poderase utilizar para novas actividades económicas, para aluguer de vivenda ou para ser ofrecido en aluguer a cooperativas de desempregados, fundamentalmente xoves, que as precisen para as súas iniciativas emprendedoras.

2. Promocionaremos, dinamizaremos e apoiaremos o tecido empresarial e comercial do concello.

- Promoveremos, en colaboración co tecido comercial e empresarial, a **aplicación das medidas propostas no *Plan de Acción Comercial*** elaborado a partir da Diagnose do tecido empresarial e comercial.
- Crearemos o ***Proxecto Piloto Comercio Virtual*** co obxecto de facer máis competitivo o noso comercio potenciaremos ós centros comerciais amienses abertos promovendo actuacións integrais de fomento do consumo e de fidelización do comercio e da clientela.
- Impulsaremos o traballo da, recentemente constituída, ***Mesa Local de Comercio*** para seguir a traballar no deseño e impulso de proxectos estratéxicos vinculados con este sector.
- **Fomentaremos o espírito emprendedor en todo o sistema educativo**, iniciándose na ensinanza primaria.
- Daremos pulo **á posta en marcha de proxectos empresariais en sectores emerxentes** cumprindo cos requisitos de sustentabilidade ambiental.
- Continuaremos **potenciando campañas de promoción do noso tecido empresarial e de fomento do consumo no pequeno e mediano comercio amiense** como base para o desenvolvemento económico.
- **Seguiremos prestando axudas anuais ao comercio** co obxectivo de promover actividades e apoiar o desenvolvemento das asociacións de empresarios.
- Continuaremos co **servizo de asesoramento e formación ao sector empresarial e comercial así como ós emprendedores.**

XVIII. UN CONCELLO CON MAIS COOPERACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Hoxe máis que nunca, dada a situación económica existente, faise necesario **crear organismos supramunicipais que permitan garantir a xestión óptima e prestación universal duns servizos públicos de calidade**, cumprindo co principio de igualdade tanto nas oportunidades coma no acceso ós servizos fundamentais. Para elo:

- Fomentaremos a **participación na mancomunidade** integrada polos **municipios da área de Compostela**.
- Seguiremos **impulsando a cooperación entre municipios colindantes con Ames** co obxectivo de resolver problemas comúns como por exemplo, tratamento dos residuos sólidos, eficiencia na xestión e protección dos recursos naturais, fomento do turismo, mellora na seguridade e colaboración nos servizos de emerxencia.
- Continuaremos a formar parte de xeito activo da **Rede Galega de Cooperación**.
- Seguiremos **apoiando acordos de irmanamentos** como expresión de solidariedade entre pobos. Deste xeito, seguiremos promovendo **Programas de Solidariedade Municipal** para o cumprimento dos **Obxectivos do Milenio**.
- Seguiremos coas iniciativas de **Comercio Xusto**.



XIX. CONCLUSIÓNS

Este equipo de goberno liderado por **Carlos Fernández** afronta estas eleccións municipais reforzado por uns anos de traballo nos que demostraron que, **en Ames, se poden facer as cousas doutra maneira**. Presentamos un programa electoral onde o mantemento das políticas sociais e de igualdade, a creación de emprego de calidade, a construción dunha economía sostible, a innovación e o progreso, a modernidade, a transparencia na xestión e a protección medio ambiental serán o noso eixe de traballo para os próximos catro anos.

Para levar a cabo todos estes proxectos precisamos a colaboración e a implicación de todas e todos os amienses. **Porque todos sumamos e, porque tamén contigo, Ames irá a máis.**